

O TIO MISERIA

CONTO, METÁ D' ESTE MUNDO, E METÁ D' O OUTRO

I.

ERA o tío Miseria o labrego de mais bon humor de toda a comarca. Daba xenio ver aquel home de cote alegre, risono e churrusqueiro, e sentiase unha comezón d' envexa ó miralo tan felís. ¡Vaya si era felís! E tiña porque selo; pois gráceas á Dios ó bon d' o petrucio nunca lle faltou nada n-este mundo... pra morrer de fame.

Pol-a sua posición social podíasele chamar burgués á boca chea e ser apuntado n-o libro roxo d' os anarquistas pró dia d' as venganzas; porqu' o tío Miseria era tod' un señor propietario, dono ausoluto d' unha leira de cinco varas de longo, e d' unha casa terreña de moitas comodidades, onde cabían perfectamente de pé, él, a parenta, un fillo y-a vaca marela. Y-einda quedaba siteo pra catro mais.. poñéndo' uns enriba d' outros.

En cant' á comer, n-a sua casa comíase ben. Pol-a mañan verzas con auga, ó medeo día auga con verzas, e á noite volt-ás verzas e volt-á y-auga. O estógamo d' o tío Miseria foi consenciente c' as verzas tod-a vida e gardoulles fidelidade hastr' a sua morte. ¡Talladas... nin velas! ¡Nunca quixo trato co-as talladas!

O tío Miseria era ademáis tod' un home importante: un cidadano libre á quen o Goberno encheu xenerosamente hastr' a coronilla de dereitos civís e polítecós. Como que tiña o dereito de pensar.. que non tiña un carto, o de casarse e criar-os fillos, o de comer verzas e beber auga d' a fonte, o de votar... ¡y-hastra o de estoupar! E todo iso á cámbeco de bèn pouca cousa: total, unhas pesetiñas de contrebuceon pol-a leira, outras poucas pol-a casa, algunhas mais pol-o consumo d' as verzas, e o importe de tres cé-lolas: a sua, a d' a parenta y-a d' o fillo. ¡Y hastra houbo quen quixo facerlle pagar a d' a vaca por cuesteon d' analoxía!

Era tamén o tío Miseria un home ilustrado, gráceas ó Goberno, que lle puxo

unha escola n-a parroquia pra que deprende-se tod' o que pode insinar un maestro d' incompreta á quen o Autamento lle pagaba por trimestres vencidos todol-os seus haberes. ¡Pero aqueles trimestres debían de ser valentes como rayos; pois o probe d' o maestro, por moito que pelexou co-éles, nunca consiguin velos *vencidos*!

Aquel *dómine incompreto*, insinoulle ó tío Miseria moitas cousas. Por de contado o primeiro día d' escola xa lle insinou os codos rompídos, dúas ventanas n' o pantalón con vistas interiores y unhas botas tan alegres que se rían á carcaxadas antr' o material y-as solas.

Insinoulle tamén qu' ó que tén catro pesetas si lle sacan dezaseis reais non lle queda un carto, qu' as letras d' o abecedario son letras que non se croban, e qu' o que non coma.. auna.

Aparte d' iso deprende o tío Miseria, sin que ninguén ll' as insinase, todal as verdades de Pero Grullo, y-ontras moitas cousas que non eran de dispidiciár.

Sabía qu' o mundo é coadrado, ¡que non he pouco saber! Sabía que n a terra solas-mentes hay dúas Nacions: España e a Moureria; e qu' a humanidade componse toda de cristianos, mouros é xudíos, sendo estes útemos os mais numerosos. ¡Cuasque tiña razón!

Sabía qu' un home de ben non debe ampararse d' a xusticia, senon fuxir d' ela como d' o lume, e que todal-as leises refúndense n' unha: á lei d' o embudo.

Sabía tamén que o inferno é un forno moi grande cheo de sapos e cóbregas, que está debaixo de nos, (anqu' ás veces dudaba si teremos outro drento;) y-o ceo, unha bendita terra onde nin se traballa, nin se comen verzas, nin se paga contrebuceon.

E sabía (de moi boa tinta) qu' o Sacretario d' o Autamento, o deputado d' o destrito, o xefe d' a políteca, y-o señor Picote (qu' era o mais rico d' a parroquia e daba cartos á rédetos ó sesenta por cento) habían d' ir todos ó inferno de cabeza, leva-

dos, un dempois d'outro, debaixo d'o brazo, pol-o mèsmo demo en persoa; namentras



qu' a él, ó probe tio Miseria, xa lle tiña Dios perparado un bo sitio n o ceo á man dereita, pol-as moitas qu' estaba pasando n-este mundo.

Pensando n' iso ¡que felís se consideraba o tio Miseria! ¡Non cambearía o seu pelexo pol-o d'o mèsmo rei en persoa; porqu' o que él dicía:

—Pró tempo qu' hei d' estar n-este mundo o mèsmo me dá comer verzas que



polos; pró deixá, deixá, que n-o outro xa me desquitarei!

Y-esperando o desquite, o noso home tiña por forza que ser o mais felís de tod' a parróquea.

Por iso, cando chegou o día en que xanin as verzas daban abasto prá matar a fame de todol-os d' aquela casa, y-houbo qu' embarcar prá Boenos-Aires ó úneco fillo, namentras á parenta choraba os sete chorares, o tio Miseria, anque sentia andar á porcesión por drento, escramaba fregándos' as maus.

—Cala, muller, cala ¡Deix' o ir! Cantas máis desgráceas nos veñan n' esta vida, máis satisfaciós nos esperan n-a outra ¡Hoxe gañamos o menos... oito ferrados de gloria!

O tio Miseria pra mandar o fillo ás Amérecas, empeñouse inda máis d' o qu' estaba. Fixolle roupiña nova, pagou unha man chea de pesos pra pasalo por alto por caosa d' as quintas, e cando foi á dispidilo ó barco meteulle n-a faltriqueira os seus últimos aforros e, dándoll' un bico y-un abrazo, díxolle:



—Adios meu filliño. Si non volvemos á vernos n' este mundo e vou eu diante, cando ti morras, pergúntall' á San Pedro por mín, qu' él che gniará á ond' eu esté. Conque... hastra aló, e non chores, que por chorar non ch' han de dar nada

A pregunta qu' o tio Miseria ll' encargou prá San Pedro ó seu fillo, xa tivo este ocaseón de facerlla ós dous meses d' estar en Boenos-Aires. Ó probe rapás matárono as soedades. Y-enantes de morrer, revol-

véndose n-a cama d' o hospital, de ves en cando entornaba os ollos e soñaba... soñaba c-as verzas d' a cas d'o seu pai.

Y-o enfermeiro dicía:

—¡Si será burro o d' o número 6. ¡Estámoslle dando caldo de galiña, y-él non fai mais que sospirar pol-as verzas!

Ó tío Miseria, cando soupo a morte d' o fillo, púxosell' un nú n-a gorxa y estivo dous dias sin perbar as consabidas verzas, (aquelas verzas qu' eran como si dixéramos o blason d'a familia) per' ó terceiro, botou o nú prá baixo, y-excrámon:

—Quen como él! ¡A tal hora está n-o ceo dándos' a gran vida; y-eu eiquí tragando verzas! ¡Non merezo perdon de Dios, si me poño triste por él.

E votous' á rir á carcaxada limpa.

¡Cando digo eu qu' o tío Miseria era o home mais felis d'a parroquia! . .

Ó seguinte día ven o ministro d' o Xusgado á notificar ó tío Miseria o embargo de todol-os seus béns imoebles, moebles... e semoventes; pois o señor Picote, á quén o noso vello acodia n os casos d' apuro, compadecido d'as suas lástemas, tiñalle prestados uns cartiños que, c-o sesenta por cento de rédetos, sumaban mais qu' a conta d' o Gran Capitán. E com' o último prazo vencera facía catro dias, y o señor Picote era un home moi xusto e puntual en todal-as cousas, botouse enriba d'o tío Miseria prá crobarse capital é rédetos, todo xunto.

¡Y-estaba moi bèn feito iso! O señor Picote era un home rico, solteiro e sin obrigacións; pró iso non lle fai ¡A cada un hai que darll' o qu' é seu!

Ademais o tío Miseria non tiña goberno ningún, e dábase vida de crego, en vez de facer economías prá pagar á quén debía. ¡Si, si, o noso home botaba de largo! ¡Houbo día que se papou catro verzas... e bèn l'e bastaba unha!

Cand' o ministro lle dou á noticia d' o embargo, o tío Miseria fixo un punto de muñeira co-a legria, y escrámou:

—¡Ei carafío! ¡Choven as desgráceas á eito! Millor que millor. Hoxe von gañando seis ferrados mais de ceo.

Pró a velliña d'aparenta nin estaba moi conforme co-aqueles cachos de terreo qu' o seu home iba adequerindo n o mundo d'a verdá, nin quería convencerse d'a boa sorte que lles entraba pol-a porta.

—Mira, home—dixoll' ó tío Miseria—

se por cada disgracia que nos caye ó lombo, gañásemos somentes una coarta de terreo n-a groria, xa éramos hoxe denos d'as dúas terceiras partes d' o ceo.

—Non botos herexias, muller.

—O herexe eres ti que pol-o visto queres qu' arraxemos con tod' a fincabilidá de Dios Noso Señor. O millor é que te deixes de foliadas, e vayas á villa á falar c-o señor Picote á ver si nos dá siquera quince dias mais de prazo enantes de embargalos béns.

—Boeno, muller. Voum' alá, por darche gosto; pró dam' o corpo qu' hei de sacar eu d' o señor Picote.... ó que sacan os polos d' o miñato.

E dalle que dalle, alá se foi o tío Miseria, camiño d'a vila, onde pasoba os ivernos o señor Pirote.

Este iba fora d'a casa, y-o noso vello tivo que esperalo n-o portal. Ali s' estivo mais d' unha hora, hastra que viu aparecer n-o médeo de seis amigotes ó señor Picote, de chistera e lambita, e mais teso qu' un galo.

Era o tal señor, un d' eses ricos democratas e campechanos que se desviven por millorar a situaceón d' a crase traballadora; esa crase infelis que, como él dicía, é perciso redimir á toda costa. (Y-enantes de ridimila... escomezaba ridimindoll' os béns)

N'a aquel momento viña d' unha Reuneon Obreira, onde perdicara aque'a tarde, pidindo, antre salvas d' aprausos, moita egualdá, moita libérti e moita fraternidá; pero moita, moitísima, o menos... ¡un sesenta por cento!

Ó ver ó tío Miseria, adiantándose Picote ós mais amigos, sombreiro en mau, arrodillouse diante d' él, con gran axombro d' o vello què, de pé, tamén descuberto, e co a boca d' un palmo, mirábao, creíndo que se volvera tolo.

—¿Qu' é iso? ¿Vosté que fai?—dixeron todol-os amigos achegándose.

—Arrodillaivos todos—respondeu o señor Picote. ¿Vedes este homiño d' calzón e cirolas? Pois bèn: eiquí tendes un representante enxebre, d' esa probe crase que sofre e cala, que traballa e non come...

—¡Señor; vosté fala com' un libro!—interrumpen o tío Miserias.--Pró... levántese!

—Sí;—continuou o señor Picote—¿E todo iso pra qué? Prá manternos á nosotros os ricos.

—¡E mais tén razón!—volven á interrompir o tío Miseria.

—Si; eiqui e tendes; ó probe d'ó labrego, Promoteo...

—Eu non me chamo Mateo, señor.

—Promoteo d'ó traballo, eterno escravo d'a terra, que vai regando c-o seu sudor y-as suas bágoas. Sin os labregos ¿qué sería de nosoutros? ¡Ai d'ó dia en que coñezan o que valen, e s' ergan todos prá recramar o que se lles debe!

—¡A min non me deben nada, señor! Son eu o que debo ..

—Entón, o confrito agrícola, será ainda de mais deficiente solución qu' o d'a crase obreira. Por iso á estes infelices, que son os mais castigados y-os que menos recraman, debemos... ridimilos á toda costa.

E dito isto, en médeo d'os aprausos d'os outros amigotes, doull' un bico y-un abrazo ó tío Miseria, que sin saber o que lle pasaba, decía escontra sí:

—A este home debeulle tocar Dios n'ó curazón. Me parece que non se contenta con darme quince días de prazo. ¡D' ista feita, perdóame os rédetos!

Namentras, dispideuse o señor Picote d' os seus amigos, que marcharon escramando:

—¡Este si qu' é o que se chama un home! ¡Se todol-os ricos foran como él, que ben andaría o mundo! ¡Gañaba pol-o menos... un sesenta por cento!

Non ben quedaron soilos o tío Miseria y-o Señor Picote, dixo éste, cubrindose e cambéando de tono:

—Vamos á ver ¿que tragues por acó? ¿Seique vés á pagar?

—Señor—respondeu o tío Miseria dándolle voltas n-a man á monteira—eu ó que viña era... á pedirlle...

—¡Huy! ¡Malo! ¡Malo! ¡De cote habedes de vir pidindo!...

—Señor, eu quería que mandase suspender o embargo.

—Boeno, pois... socha os cartes.

—Señor, eu non os teño. Si vosté me dese un prazo de quince días...

—Ta, ta, ta. ¡Conque lérias me ves! ¡Ti eres parvo ou faste?

—Señor, teña lástema de min. Son un probe labrego como dicía vosté moi ben .

—O que sodes todos vos é un ataxo de galopins.

—Pró ¿vosté non dicía...?



—¿Qué dicía eu? ¡Cosas que ti non entendes! ¡Eu falaba en xeneral! En fin... home... deixame de lérias e toma a porta.

—Señor: ¿e si m' embargan mañán, onde me meto eu c-a parenta?

—¡Métete n-o inferno anque sea! ¡Que me contas á min!

E dándoll' un empuxón, botouno n-a calle e doulle c-oa porta n-os fuciños.

O tío Miseria, quedou como quen vé visións, e marchouse cara o seu lugar, dicindo escontra sí.

—¡Isto xa o esperaba eu! ¡Pró a muller é tan terca . ! ¡Boeno! ¡N-hai que facerlle! ¡Alégrate meu vello! Hoxe gañache outro ferrado de sembradura n-o ceo.

Ó dia seguinte foi a xusticia á embargarlle todo canto tiña; y-eisi que viu a va-



ca fora, o tío Miseria dándoll' un abrazo, escramou:

—A esta si que non-a volvo á ver nin

n-este mundo nin n-o outro. ¡Pró... n' importa! ¡Xa me darán vacas n-o ceo!

Cand' o tío Miseria e a parenta s' atoparon fora d'a súa casa, n-o médeo d'o arró e sin mais fortuna qu' a que levaban ás costas, a súa compañeira acabouse ô fin de convencer de qu' os dous eran xa felices e donos o menos d' as tres coartas partes d' a gloria, e, chea de satisfaccións, doulle un patatus co a legria, marchándose d' as resultas, pró outro mundo n-un santiamen.

¡A probe vella, sin dúbida, dabase presa, pra tomar posesión d' os bens qu' ela y-o seu home adequeriran n-o paradiso!


O tío Miseria acompañou o cadavre



hastr' o cimiterio. meteu a caixa n-a coba, botoulle terra enriba é logo, arrodillándose e mirando pró ceo, escramou:

—Adios miña compañeira. Darasll' un abrazo ô fillo, y—hastra logo. ¡Esperádem calquera dia d' estes!

Efeutivamente o probe d' o vello ainda non tardou un mes en ir á xuntarse c-a familia.



Unha mañá apareceu morto drento d' as ruinas d' o antigo palacio d' un señor de forza e coitelo.

¡Morreu de fame... qu' é a maneira mais económea de morrer que se conece.

R. I. P.

II.

Ô dispartar o tío Miseria n-a outra vida, escomezou a rubir mais listo qu' un lostrego; y-aló enriba, n-a metá d' o camiño, antre ceu e terra, abriu os ollos d'a y-alma, e quedouse pámpano d' admiración.

¡A cousa n' era prá menos!

Aló, n-as profundidades d' o espazo, o mundo, cheo de Picotes e tios Miserias, xiraba costa abaixo, hundíndose cada ves mais n-a escuridá d' os abismos sin fin. Enriba e pol-os costados, outros millares de millóns de mundos, camiñaban, Dios sabe á onde, dando voltas e voltas o mesmo que rodas de muiño.

—¡Eu eiqui voum' á perder!—escramou o tío Miseria mirando pra baixo car' o praneta que deixara pra sempre, e quó, cada ves mais lonxe, parecía un vermiño de lus que s' iba apagando e apagando, hastra qu' ô fin, desapareceu... aló... n-as imensas negruras d' o infinito.

—¡Vaite con Dios!—dixo o noso vello—¡O mund' ond' eu estiven n' era nadal! ¡Parasce mentira que tanto pelexemos uns e os outros drento d' aquel grau de millo! ¡Cando chegarei o ceu? De fixo que xa m' han d' estar esprando con foguetes e gaitreiro. ¡Ei, caraño: voume á crobar de todol-os malos tragos qu' aló embaixo me fixeron pasar!

N-estas y-outras conversas consigo mesmo iba emboubado, cando de repente alcontrouse á porta d' unha casa moi grande pintada de roxo.

—¿Será este o ceo? Vou á petar.

E dou tres petadas que resoaron como tres cañonazos.

Entrabreus' a porta, e saiu por ela unha labarada qu' o tumbou par' atrás.

—¡Demoro!—escramou o tío Miseria—¡Eiqui seiqu' están cocendo broa!

—¿Quén raxo and' ahí?—Perguntaron dend' adrento.

—Un defunto, señor.

—¿E de onde ves?

—De Xallas, pra servir á Dios y á vosté.

—Sirvilo á él y-a min á un tempo, é un pouco difícele.

—Será, señor.

—¡Cala! ¿Ti eres Picote? Casuamente estabamos esperádoche

—Despense, pró en son o tío Miseria.

—¡O tío Miseria! ¿E qué che se perde eiquí? Si non tocal-o zoco mais que de pre a, collo un tizon e quéimoch' a y-alma.

—Non s' incomode, señor.

—Pouca conversa, e segue o teu camiño, que n-o inferno maldit' a falla que ti fas

—¡Nunca Dios pra mal me dera! ¡Vin á dar o inferno! ¡Nunca che crein que cadrase tan enriba!—escramou o tío Miseria. Por eso... xa me daba mala c-piña. Eiquí cheira á corno queimado! E pol-o visto debeu de morrer tamen o señor Picote, pois xa o están esprando ¡Hala prá diante! ¡Mailo será que non dea c-o ceo!

E siguen, rube que rube, hastra qu' aló enriba, moi enriba, antr' arbres d' ouro con follas de pelras, viu unha porta grandisema que tiña soles por cravos.

—¡Esta é a porta d'a groria! ¡Non me cabe dúbida! ¡Apuremos o paso! ¡Qué bon recibemento vou á ter!

‘O decir isto, sinteu ruido de pasos ás suas espaldas, mirou car' atrás, e... ¡ou asombro! ¡viú ó señor Picote en persoa, que traguía o mèsmo camiño qu' él.

—¡Nunca Dios pra mal me dera! ¡O señor Picote por estas alturas!

—Hola, tío Miseria—dixo o Señor Picote achegándose—xa soupen que morreras o mesmo día qu' eu, y-alégrome de verche, porque quería pedirche perdón por tod-o mal que che fixen aló embaixo.

—Hum, hum,—respondeu o tío Miseria, meneando a testa—vosté seique me quer volver á botar as endrómenas d' aquel día n-o portal d'a sua casa! ¡Pois mire qu' agora non ll' estamos pra bulras!

—Dígocho de veras.

—Enton... non fale d' iso. Eu perdónoo de curazón; o conto é que tamén Noso Señor lle perdoe as moitas que vosté leva feitas.

—Dios xa me perdonou. Arripintinme á hora d'a morte de todol-os meus crimes.

—Mire; eu non lle desexo mal, pro heille dicir unha cousa:

—¿E que é, hó?

—Fáill' un pouqueniño, estaban esprando por vosté n-o inferno. ¡Seillo de boa tinta!

—Si; pró cando me espraban ainda en non fixera o auto de perfecta contrición. O arrepenemento foi coestión d' un segundo.

—Pois... alégrome e... sigamos prá diante. Eiquí parades non facemos nada. Diga: eso que se vé ¿será a groria?

—Si, home, sí. Xa o dí o letreiro que tén enriba. ¿Ti non sabes ler?

—Si, señor, pró son de vista cansada y-esquencéronseme os anteollos. Quedáron-me debaixo d'a terra, n-a faltriqueira d'o pantalón.

N-esto chegaron á porta d'a groria, y-o señor Picote adiantouse á chamar.

—¿Quén anda ahí?—preguntou San Pedro.

—Señor; eu son Picote.

—¡Xa temos eiquí o señor Picote!—berrou San Pedro, batendo palmas co-a legría.

Y-as portas d'o ceu, abríronse de par en par, en medeo de vivas, músecas e foguetes.

—Cando reciben á ese con tanta foliada ¿qué será a min?—dixo o tío Miseria escontra o seu coletó; e tratou de meterse pol-a porta, detrás d'o seu compañeiro de viaxe.



—¡Ei, paisano, ¿á onde vas?—dixolle San Pedro con malos modos, empuxándoo prá fora, e fechando a porta.

—¡Señor, San Pedro—escramou o probe

d'o velliño—eu son o tío Miseria! ¡Dios mio! ¡Tamén eiquí!

—¿Quén eres?—preguntou San Pedro dend' adrento.

—O tío Miseria, señor.

—Berra mais, que e-o estonpo d'os foguetes non oyo bèn.

—¡O tío Miseriaaaa!.. —escramou o noso home á berró pelado



—¿Con que tí eres o tío Miseria? ¡Boeno! ¡Entra, e non m' armes escandaleiras á porta.

Abriron mèdea folla, y-o tío Miseria colouse n-o ceo sin que ninguén saise á recibilo.

—¿Onde están a parenta y-o fillo?—foi o pirmeiro que preguntou.

—Búseaos, qu' ahí han d' andar—respondou San Pedro volvéndoll' as espaldas.

O probe d'o vello quedouse tradado e sin estreverse á pasar d' a porteria.

—¡Ay!—escramou sentándose n-un corrunchiño.— Ó señor Picote, recébeno eiquí con mûseca e foguetes, e á min, dempois de tantos méretos, trátanme o mesmo que se fora un can, fora a y-alma ¡Adios miñas espranciñas! ¡Pol-o visto n-este mundo fanll' ós probes como n-o d' embaixo! ¡Sain d' un souto... e métome n-outro!

N-esto, Dios Noso Señor, que cadraba de pasar por alí, ó mirar ó tío Miseria, triste e pensativo y-acurrucado, achegádos' á él, colleuno por unha mau, levantouno d'o chan, e dixolle:

—Vente comigo, tío Miseria, que eu che

levarei xunt' á tua muller y-o teu fillo prá que vos sentedes os tres ó meu lado por toda unha eteraidá!



—Gráceas, señor, gráceas—escramou o tío Miseria—si vosté non fora, eiquí ninguén facía caso de min. ¡Cómo son un probe!... ¡Si fora rico com' o señor Picote!...

—Eiquí n-hai probes, nin ricos—respondeull' o Señor bondadosamente.

—E... poida que vosté teña razón; pró...

—Xa sei que che parescen mal qu' ó señor Picote o recibisen millor qu' á ti.

—Señor—dixo o tío Miseria rascádos' a testa—iso á min ¿porqu' m' había de parecer mal?

—¡Mira, que eiquí non val mentir!

—Pois... s' hei de dicir verdá, eu espraiba outro recebemento. ¡Somentes vosté sabe o moito que teño sofrido con pacencia prá g'ñar a gloria!

—Xa o sei. ¿Pró tí iñoras por qu' á Picote o recibiron millor qu' á ti?

—En, señor... si vosté non m-o dí...

—Pois voucho á dicir.—A entrada n-a gloria d'un peccador arripentido, regocixanos mais qu' a de cén xustos. ¡Estamos tan pouco afeitos á iso! Eiquí d'os Picotes, chega un por cascaldá, de mil en mil anos; tios Misérias como tí... ¡entran á patadas á total-as horas!

ENRIQUE LABARTA.

Dibujos B. L. Sanmartín